



25-N: Día internacional contra as violencias machistas

Para protexer realmente ás vítimas se teñen que poñer os recursos necesarios. Hai milleiros de vivendas baleiras, fundamentais para que as mulleres maltratadas e os seus fillos poidan afastarse do seu torturador, acaparadas pola banca e fondos voitre.

As campañas publicitarias de rexeitamento á violencia machista o 25N están moi ben. Pero a mellor mostra de vontade **real** contra o machismo son as medidas **concretas**. As empresas son responsables directas da fenda salarial, dos salarios indignos e dos contratos absolutamente precarios e abusivos, fundamentalmente ás mulleres.



Os traballador@s de Navantia temos que confluír, pero con outros traballadores (IA, Gamesa, Alcoa, As Pontes...) para combater xuntos contra unha clase empresarial que quere empobrecer á nosa clase, a **clase obreira**. Por iso os delegados da **CGT** non participamos nesa manifestación. O sindicalismo de clase é **anticapitalista** ou non é.

As comparacións son odiosas

Comparamos unha convocatoria de prazas feita este ano pola **SEPI** coas diversas convocatorias que está a facer **Navantia**.

	SEPI	Navantia
Principios	* Igualdade, méritos e capacidade * Igualdade home-muller	Os que máis conveñan en cada momento
Proceso selectivo	Concurso-oposición	Como nos pete, que para algo somos a empresa
Idade	Entre os 16 e a máxima de xubilación forzosa	Non consta, pero hai unha discriminación indirecta mediante o tinglado junior-senior
Experiencia requirida	Mínima	Máxima, así despois podemos excluír por exceso de coñecemento
Publicación admitidos e non admitidos	Si	Non fai falla, xa se decatarán cando vexan que non os chamamos *
Período reclamacións	Si	Para que? RRHH de Navantia (e as empresas que subcontrata) nunca se equivocan
Subsanación erros	Si	Non, os parvos que se fogan
Xustificación da non admisión	Si, e por escrito	Pero que se cre a xente? Non temos que dar explicacións! Até aí podíamos chegar!
Publicación baremo detallado	Si	Non, é alto secreto
Reclamacións ó baremo	Si	Que non dean a lata, que temos moito que argallar
Temario	Si	Non
Publicación notas do exame	Si	Non, e ademais publicamos a lista por DNI para que nin se poida saber a orde relativa dos candidatos/as
Entrevista	Si, pero as bases recollen os aspectos a valorar e a súa puntuación. E hai período de reclamacións	Depende. Ás veces un psicólogo fai entrevistas sorpresa non previstas nas bases. Pero conste que é polo ben da plantilla, non vaia ser que ingrese un asasino en serie. Palabrita de niño Jesús.
Outros aspectos	En todo o que non está recollido nas bases, se remite ó Estatuto Básico do Empregado Público	Aquí estábamos tan tranquilos, até que chegaron estes fillos de puta da CGT reivindicando que as cousas se fagan con transparencia e igualdade de oportunidades

* Non é sarcasmo. Foi o "argumento" da xefa de RRHH cando se lle esixiu a publicación de listas de admitidos e non admitidos nas prazas de universitarios Jr.

Nota: As prazas da SEPI eran de titulados universitarios.

Como se ve, a pesar de que Navantia pertence ó 100% á SEPI, calquera parecido é pura **coincidencia**. Mentres a SEPI actúa coma o que é, un organismo **público**, en Navantia reina o nepotismo e a arbitrariedade imperantes na empresa **privada**.

O PSOE e Unidas Podemos deberían ser conscientes de que os traballadores desta comarca cargamos na conta do **gobierno** as actuacións que, para ben ou para mal, realiza a dirección de Navantia.

Calendario laboral 2021

A empresa quedou en enviar a súa proposta o vindeiro luns, tralo cal o comité a analizará. A **CGT** vai propoñer que **tódolos** días de exceso de xornada sexan de libre disposición por **horas**.

No caso de que haxa diferentes propostas sindicais sobre o calendario a presentarlle á dirección, o mellor sería **consultar** á plantilla cal se elixe.

Encadramento salarial GP1-GP2

Outro exemplo de que fai falla mais **información** é que nos chega que o proceso de encadramento dos grupos GP1 e GP2 está bloqueado pero non se sabe ben por que.

O intercentros ratificou o pasado 31 de xullo un acordo coa empresa no que se fixaban os novos niveis salariais e que estes ían ser aplicados na nómina de setembro.

A **CGT** coida que algo de este calado non pode ser firmado sen contar coa participación dos afectados. O Comité debe de convocar á maior brevidade posible unha asemblea con todo o colectivo.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:



CGTNavantiaFE